

TES QUE SABELO!

O BNG DENUNCIA PROBLEMAS COA RECOLLIDA DO LIXO NO RURAL


Non é a primeira vez que o BNG da Estrada denuncia problemas coa recollida do lixo. Xose Magariños insta ao alcalde a tomar medidas para acabar co lixo amoreado no rural durante semanas.



PÁXINA 4>

CONSERVEMOS E MELLOREMOS O POUCO QUE NOS QUEDA

Urbanisticamente falando A Estrada é unha desfeita, pero aínda quedan edificios históricos que compre conservar e mellorar



O PLAN AESS 2020 DO PP ESTÁ NAS ANTÍPODAS DO QUE NECESITA A ESTRADA NESTE MOMENTO

PÁXINA 2 >

O PP enmascara dentro deste proxecto europeo a ampliación da Alameda, cun aparcadoiro subterráneo, e a urbanización da Baiuca adornándooas cunha morea de propostas delirantes deixando de lado os verdadeiros problemas que ten o concello da Estrada

- NIN “PRAZA DEL GENERALÍSIMO” NIN “CEREIJO”
- A ESTRADA CONTARÁ CUN PARQUE CANINO

PÁXINA 3>



ANO 0 - NÚMERO 2
FEBREIRO 2016

Editado polo BNG
Rúa Leicures, 14-1º
36680 A Estrada
aestrada@bng.gal
618790646

bngdaestrada.wordpress.com
twitter.com/bngaestrada
facebook.com/bngdaestrada

O PLAN AESS 2020 DO PP ESTÁ NAS ANTÍPODAS DO QUE NECESITA A ESTRADA NESTE MOMENTO


O PP ENMASCARA DENTRO DESTA PROXECTO EUROPEO A AMPLIACIÓN DA ALAMEDA, CUN APARCADOIRO SUBTERRÁNEO, E A URBANIZACIÓN DA BAIUCA ADORNÁNDOAS CUNHA MOREA DE PROPOSTAS DELIRANTES DEIXANDO DE LADO OS VERDADEIROS PROBLEMAS QUE TEN O CONCELLO DA ESTRADA

O BNG da Estrada votou en contra do plan AESS 2020 presentado polo goberno do PP, porque está nas antípodas do que necesita o noso concello neste momento. Ao mesmo tempo, consideramos que é unha tomadura de pelo facer pasar por participativo e social un documento que nos seus puntos principais está feito ao ditado do grupo de goberno do PP, camuflando as actuacións que lle interesan (ampliación da Alameda, aparcadoiro subterráneo...) baixo unha retórica pseudo-moderna, que vale para todo.

O BNG da Estrada quere deixar claro que non está en contra dos cinco millóns que supón este plan europeo, senón en como os vai gastar o PP. Así, fronte ao aparcadoiro subterráneo, que supoñemos acabará privatizado, o BNG propón aparcadoiros en superficie e gratuítos situados estratexicamente polo casco urbano.

Fronte á creación dunha nova praza pública, un eufemismo que agocha a intención do PP de ampliar a Alameda, o BNG propón espazos de lecer dispersos pola vila para que todo o mundo teña preto do seu domicilio unha zona deste tipo.

Fronte as propostas do PP para “revivir o rural” que pasan polas marquesinas amigábeis e por parques infantís onde non hai nenos e nenas, o BNG propón aumentar a superficie produtiva incentivando a mobilidade de terras abandonadas, en colaboración co Banco de Terras; propoñemos establecer canles de comercialización en circuíto curto, potenciando a praza de abastos, locais de cooperativas gandeiras e a feira sustentábel como punto de venda directa; propoñemos cursos de




formación ocupacional e escolas-obradoiro orientadas a actividades relacionadas co agro; propoñemos vixiar que as terras de especial protección agraria non sexan reforestadas, etc, etc. Por outra parte, o interese que ten o PP no rural vese perfectamente na análise que fai o documento do noso sector primario, que está completamente fóra da realidade.

Fronte aos sistemas de medición da contaminación dos ríos que propón o PP para un rural que na súa maior parte carece de sistemas de saneamento, propoñemos que antes dos sistemas de medición da contaminación haberá que dotar ao noso rural de sistema de saneamento e non ao revés.

Por outra parte, dentro do plan AESS 2020 que nos presenta o PP tamén hai actuacións interesantes como a reciclaxe, a planta de compostaxe, a humunización de certas rúas, a mellora da sinalización do rural, etc... que si nos parecen positivas, pero inviábeis economicamente por mor do interese do PP nas súas actuacións estrelas (aparcadoiro e ampliación da alameda) que consumirán todo o orzamento previsto. En definitiva: unha estafa!

NIN “PRAZA DEL GENERALÍSIMO” NIN “CEREIJO”



O BNG rexistra unha moción para que os servizos de servidores de mapas virtuais como Google Maps ou Bing Maps (Microsoft) actualicen o rúeiri da Estrada, eliminando as referencias da Ditadura como “Praza del Generalísimo” ou “Praza de Martínez Anido”. Na mesma moción o BNG tamén busca o apoio dos demais partidos para que este tipo de servizos utilicen os topónimos correctos, evitando referencias como “Lagartones”, “Aguiones” ou “Cereiño”.

O BNG entende que administracións públicas galegas non só deben cumprir a lei de normalización lingüística, empregando os topónimos correctamente en todas as súas publicacións; mais as administracións públicas deben velar polo seu cumprimento estrito por parte das empresas coas que teña algún tipo de relación, así como onde se vexa reflectido o noso concello dun xeito tan esperpéntico como os exemplos que acabamos de ver, dando unha imaxe bastante deplorable e distorsionada do que é a nosa cultura, que poden ver millóns de persoas.

A organización nacionalista agarda contar co apoio dos demais partidos políticos con representación no concello ante unha evidencia tan aberrante como esta.

A ESTRADA CONTARÁ CUN PARQUE CANINO

A INICIATIVA DO BNG CONTOU CO APOIO DE TODOS OS GRUPOS

Deste xeito, o noso concello contaría cunha zona de esparcemento para os cans onde estes animais de compañía poidesen andar ceibos con supervisións das respectivas persoas responsábeis.

Xosé Magariños explicou que a posta en marcha destes recintos pode ter un custo moi baixo; por exemplo, podería ubicarse na zona da carballeira.



LÓPEZ QUERE FACER UNHA PISCINA DE WATERPOLO NO ANEXO DO COTO FERREIRO

Cada vez que chove, na pista onde se debería practicar deporte hai goteiras e caldeiros. O concelleiro do BNG, Xosé Magariños, considera que “é unha grave irresponsabilidade do alcalde manter as instalacións neste estado, xa que non é só que non se poida facer deporte con normalidade, senón que a auga que se filtra tarde ou cedo acabará por estragar as pistas e unhas instalacións que costaron moitos miles de euros”.

CONSERVEMOS E MELLOREMOS O POUCO QUE NOS QUEDA

O BNG PIDE UN PLAN PARA REHABILITAR E CONSERVAR OS ESCASOS EDIFICIOS HISTÓRICOS DO CASCO URBANO

O BNG da Estrada presenta unha moción para elaborar un plan de rehabilitación do entorno da Praza da Porta do Sol que inclúa, ademais da mencionada praza, todos os edificios catalogados no PXOM situados nas rúas Ulla, Pontearreas, Avenida Fernando Conde, Rúa do Cruceiro, Travesía da Igrexa e a Travesía de Veá, coa finalidade de conservar a escasa arquitectura popular e histórica que queda nas citadas rúas.

A moción que presentaron os nacionalistas tamén inclúe a aprobación dun paquete de medidas fiscais que apoiem a rehabilitación de todos os edificios catalogados no PXOM e das obras de reforma e rehabilitación de todos aqueles situados no entorno da área de protección dos mesmos que permitan unha maior integración do conxunto arquitectónico, logrando unha maior complementación e adecuación entre edificios de épocas e estilos construtivos diferentes.

Segundo explicou o concelleiro do BNG, Xosé Magariños, proporá na comisión de facenda do vindeiro mércores, na que se debaterá a proposta de orzamentos municipais do goberno, incluír as medidas fiscais citadas.



O concelleiro do BNG explicou que “a pesar da aprobación do PXOM, este non contén unha solución ao problema da desfeita urbanística que hai na Estrada, limitándose a recoller a protección dunha serie de edificios sen contemplar ningunha medida que harmonice o seu entorno con elas”. “Esta moción”, indicou o concelleiro nacionalista, “busca protexer o pouco que nos queda”.

O BNG DA ESTRADA APOSTA POLA XESTIÓN PÚBLICA DO CENTRO DE MAIORES

“O BNG aposta porque o Centro de Maiores situado no Novo Mercado sexa de xestión pública e insta ao alcalde a traballar con ese obxectivo”, afirmou o concelleiro do BNG, Xosé Magariños logo de que o rexedor municipal anunciara nos medios de comunicación que a decisión sobre o modelo de xestión decidiríase ao longo deste mes.

“No BNG podemos entender que o concello non teña recursos para afrontar os custes desta xestión pública”, engadiu Magariños, “pero o lóxico é que sexa a Xunta de Galiza quen a asuma a través da Consellaría de Política Social”. “En todo caso”, afirmou o concelleiro nacionalista “estamos en contra da privatización deste servizo público”.

Por outra parte o concelleiro do BNG indicou que “temos un alcalde empeñado en darnos gato por lebre, xa que o Centro de Maiores non deixa de ser un parche que non suplirá a carencia que ten A Estrada dun centro de día dotado”. “Moito nos tememos que non cumprirá as expectativas de moita xente”, afirmou.